

Creación

Lírica

Xosé AZAR

Poemas da miña vellez

Nacín en Compostela o 13 de decembro de 1933, pero fuxín xa de mozo da cidade, facendo unha vida aventureira. Cando me serenei púxenme a escribir, poesía, filosofía e teatro en español, pero sempre tiven na entraña a nosa nación, por iso aos sesenta anos regresei, cun poemario chamado *Odiseo*. Interesábame tratar literariamente os nosos mitos, para engrandecernos, e por iso compuxen para teatro un drama poético titulado *Macías o namorado*, e outro sobre a Revolución Irmandiña que titulei *A Rapaza*. Hai pouco comecei unha obra sobre Prisciliano –un galego exiliado coma min, que degolaron en Alemaña– que chamo ‘traxedia lírica’ e titulei *A Nosa Deusa*. Tres son os seus movementos, e deles ofrezco aquí só unha escolma do primeiro, feito no mosteiro de Samos no mes de xullo de 2011.

I

Elas falan e a súa música
vai afondando na miña
raigaña. Falan
e unha paz. Falan
falan, miña nai está con elas
¿Onde me levades?
Entro convosco nunha fonda dozura
Eu que sempre fun de fóra
estou entrando convosco
no fondo da nosa Nai.
Elas falan, e cálmame a estreitura,
xa non hai que seguir buscando
a través de vós entro, continuade
falando, dos vosos querereres,
dos vosos noxos.
Falade que eu estou no acougo nunca
atopado.
Finou a pelexa,
convertido pola vosa música.
Falade máis,
seguid domeando a miña esgrevidade.
Falade e xa non hai máis escapar,
entro en vós arrolado.
facédesme neno, deixar o mundo,
chegar á paz.
Falade, que estou ao fin na entraña
da nosa Nai.

¿E cando rides
ou chorades?
¿E cando berrades?
Falade que morro
de dozura.

II

Eu baixaba costa abaixo
á veiga do Sar e alí bañábame e soñábate,
pero ás veces subía costa arriba
a enfrontarme cos fantasmas que a relixión oficial creara
e na que os peregrinos viñan beber coma paxaros sedentos,
á fonte onde se fragou este medo meu
que vén de meu pai
e do seu.

III

Galicia no alto,
enriba da néboa,
toda aberta ao sol.
Galicia xurdida
da coba en que estaba.
E os cregos pregando en galego,
adorándoa nos altares maiores
e os sete bispos,
e o cardeal,
todos de xeonllos ante a nova deusa,
que é a nosa Nai

IV

Nubes,
nubes da miña terra
lentas e grandes,
voadoras, silandeiras
amplas, lixeiras
A terra, chorando;
a luz toda nelas.

V

Galicia, Rapaza,
¿cando chegaremos ao teu fondo?
¿Cando seremos nós de verdade?
¿Cando nos quitaremos a máscara?
¿Cando viviremos sen medo?
¿Cando esqueceremos a morte?
¿Cando seremos nós mesmos?

VI

Eles louvan a grandeza do seu deus
e queren a soldada;
eu poño a miña testa nos teus peitos
e cesa o tempo
e o mundo acaba.

VII

Galicia na néboa,
aínda con sol, non a deixa.
Envolveita,
arrebuzada.
Cantas,
sorrís,
choras
nela.
¡Miña terra!

VIII

O carballo entre as penas
forte coma elas
Rexo,
pétreo
séculos e séculos.
As follañas caen,
pero el é eterno.

IX

Escapaba á veiga do Sar,
alí xa non chegaban as campás;
recorría o teu corpo
e no solpor choraba;
despois,
había que regresar,
e no meu cuarto de noite te soñaba.

X

Árbores e paxaros
elas, femininas,
teñen un adentro
onde eles entran,
onde eles viven,
onde eles nacen.
onde eles morren
despois de voar.

XI

O patriota Compayns
cando o ían fusilar
quixo morrer cos pés espidos.
Como cando neno,
no mesmo colo.
Como antes de nacer,
no mesmo ventre.
Coa mesma deusa,
na mesma Nai.

XII

Todo está calmo menos este río,
que vai cunha teima
días e noites;
o demais no sosego,
el con esta ansia;
o demais na quietude,
el con esta morte;
pero só el chegará á mar.

XIII

Álamo cathedral
que fas o ceo femia,
que te envolve
garimoso
e abaneas,
ábreste,
choras,
cantas,
relixión primordial
que xunta o ceo e a terra.

XIV

Eu son de aquí:
fuxidío, furtivo,
case fuxitivo.
Arrólame,
que volva,
miña deusa,
a ti.